

## **ROGO DE AER SOBRE SEGURIDADE VIARIA EN CHAPELA**

PLENO 30 XULLO 2015. ACTA 14/2015

Tendo coñecemento por parte de veciños de Chapela dos excesos circulatorios que reiteradamente se cometen na Avenida de Vigo, nun tramo tan transitado como o que vai dende a Praza de abastos ata a baixada a Arealonga. Tendo constancia igualmente de que ditas queixas lles foron transmitidas ao goberno municipal sen ter sido atendidas. E sendo algún membros desta agrupación testemuñas directas deses excesos, temos que rogarlle ao goberno local que tome as medidas oportunas ao respecto. Ben de carácter transitorio, mediante vixilancia; e/ou de carácter permanente, coa instalación de resaltes ou badéns, que limiten ese tipo de condutas perigosas para as persoas e para outros condutores; antes de que teñamos que lamentar un incidente irreparable.